



Flavoparmelia soledians (Nyl.) Hale

Trátase dunha especie común en Galicia e de ampla distribución mundial que vive preferentemente nas superficies verticais ou inclinadas de rochas, construcións de pedra (fotos 1, 2) ou outras superficies (foto 3) así como tamén nos troncos das árbores.

Pode confundirse con *Flavoparmelia caperata* (Ficha 1), unha especie que é máis frecuente nas árbores.

Talo foliáceo, forma rosetas de 5-10 cm de diámetro (foto 1).

À cara superior é verde amarelenta cando está seca (fotos 1, 2, 3).

Os lóbulos son de 3-6 mm de ancho, coas marxes arredondadas. À superficie é lisa, agás nas zonas erosionadas pola presenza de sorais (foto 4) que poden chegar a invadir gran parte do talo.

Cara inferior negra coa marxe marrón.

Raramente fértil.

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: Talo K^+ amarelo. Medula branca KCl^+ rosa e P^+ laranxa intensa.

